Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo

correspondente á sesión ordinaria celebrada o
venres 13 de novembro de 2009

Iniciouse a sesión ás 11:45 do día 13 de novembro do 2009 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

> Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); X. Henrique Costas González (CIG); Xavier Roca Pardiñas (CIG); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Gloria Pena Uris (AGPTU); F. Javier García Núñez (UXT); J. Enrique Ares Gómez (UXT). Tamén asistiu Cándido López García (delegado sindical de UXT sen voto)

Escusaron a súa ausencia:

> Xosé A. Vila Sobrino (CIG); Luís Anido Rifón (CIG); Natividad Calvo (AGPTU).

Trátanse os seguintes puntos de acordo coa orde do día:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior. Aprobouse por unanimidade a acta da sesión de 25 de setembro de 2009. O profesor Enrique Ares fai constar que a el e a outros dous membros de UXT non recibiron o correo electrónico coa convocatoria da sesión anterior.

2. Informe da Presidencia. O Presidente informou que lle mandara un correo ó Vicerreitor de Organización Académica para que se aproben en Consello de Goberno os acordos sobre quinquenios ós que se chegaran. O Vicerreitor contestou dicindo que cumpriría o prometido. O Presidente tamén informou sobre as dúas últimas reunións que houbo co Vicerreitor de Organización Académica. Indicou que incluíra na última reunión un punto sobre participación dos representantes sindicais no proceso de POD e cómputo do traballo non presencial. Ademais contou o Presidente que a Mesa de Negociación solicitada aínda non estaba constituída. Por último, trasladoulle á Xunta de PDI-Funcionarios a información que lle deu o Secretario do Comité de Seguridade e Saúde Laboral. Este manifestoulle ó Presidente que a este Comité só podía asistir quen estivese nomeado como membro.

3. Toma de postura ante o Plan de Promoción de 2009 e ante a política de profesorado futura. Despois da exposición das posturas de CIG, polo profesor Aquilino Alonso, de UXT, polo profesor Enrique Ares, e de AGPTU, polo profesor Nicanor Alonso e pola profesora Gloria Pena, a Xunta de PDI-Funcionarios tomou os acordos que se expoñen a continuación.

Con respecto ó Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo (2009), a Xunta de PDI-Funcionarios acordou por maioría (6 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións):

1. Que nos requirimentos dos candidatos se elimine a especificación ó tipo de contratado que pode concursar (2.1.a).

2. Que se manteñan os requirimentos temporais da convocatoria do ano pasado para a antigüidade mínima.

3. Que debe aclararse o criterio utilizado para a definición de campos pois non se corresponde exactamente cos do CNEAI. Solicitamos que se teña en conta a relación capacidade docente-carga docente á hora de redefinir os campos priorizando os que teñen menor relación.

4. Que non se puntúe ter a avaliación positiva en programas de estabilización para profesorado universitario (incluídos I3, Manuel Colmeiro).

Con respecto á política de profesorado, a Xunta de PDI-Funcionarios aprobou por unanimidade (8 votos a favor, 0 votos en contra e 0 abstencións):

1. Instar como Xunta de PDI-Funcionarios a constitución inmediata da Mesa de PDI.

2. Negociar de inmediato que se conxugue a estabilización do profesorado contratado cunha política de profesorado que corrixa os desequilibrios dos cadros de persoal entre as áreas de coñecemento.

Estes acordos serán enviados polo Presidente ó Vicerreitor de Organización Académica a través do Rexistro.

4. Rogos e preguntas. O profesor Enrique Ares pide que se fagan as xestións oportunas para que se nos envíe o Regulamento do Comité de Seguridade e Saúde Laboral para que a Xunta poida nomea-los seus representantes de acordo co estipulado no Regulamento.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13 horas 15 minutos.

Vigo, 13 de novembro de 2009

O Secretario | O Presidente

Asdo. Xavier Roca | Asdo. Aquilino Alonso